

## ANEXO

### BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO PARA UN CURSO DE HORTA DIRIXIDO A PERSOAS QUE ESTEN EMPADROADAS NOS CONCELLOS DE CUNTIS E CALDAS DE REIS (2ª CONVOCATORIA)

#### 1- OBXECTO.

É obxecto das presentes Bases regular a selección do alumnado para a realización dun curso de horta orientado ao autoemprego, dirixido a persoas empadroadas nos concellos de Cuntis e Caldas de Reis, EN SEGUNDA CONVOCATORIA

Na primeira convocatoria seleccionáronse 12 persoas, e xa que o curso admite un total de 20 persoas, faise esta segunda convocatoria para un máximo de **8 participantes**

O curso consta dunha duración de 120 horas lectivas repartidas en formación teórico- práctica, que se levará a cabo nas instalacións do Centro de Formación Ocupacional “A Ran” do Concello de Cuntis, e formación práctica nos propios terreos das persoas participantes, tutorizadas por persoal docente do curso.

#### 2.- REQUISITOS E CONDICIONS XERAIS

A asistencia ao curso é obrigatoria, non podendo superar dúas faltas inxustificadas ao mes, perdendo a praza no curso, si se supera este número. As faltas xustificadas, non terán límite pero aqueles alumnos/as que falten máis do 25% das horas lectivas, tanto xustificadamente como inxustificadamente, non terán dereito a diploma de aproveitamento.

O número máximo de participantes na acción formativa será de 20 persoas.

Tendo en conta que o obxectivo do curso é a inserción laboral dos/as participantes, o 80% das prazas serán ocupadas por persoas desempregadas e o 20% restante por aquelas que estean en outras situacións laborais diferentes. Cando non sexa posible acadar as porcentaxes anteriores, completárase o curso con todas as persoas inscritas, independentemente da súa situación laboral.

#### 2. SISTEMA DE SELECCION.

O sistema selectivo será o concurso de valoración de méritos, podendo ademais realizarse unha entrevista persoal, de acordo co baremo que se recolle nas presentes bases.

#### 3. PUBLICIDADE DAS BASES

As presentes bases publicaranse nas páxinas web dos concellos de Cuntis e Caldas de Reis e nos respectivos taboleiros de anuncios

#### 4. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Empadroado/a nos concellos de Cuntis ou Caldas de Reis
- b) Dispor de terreo para realizar practicas. (propiedade, arrendado, cedido etc.)

#### 5. PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A APORTAR

Os Concellos de Cuntis e Caldas de Reis convocaran a todas as posibles persoas interesadas nesta segunda convocatoria a través das respectivas páxinas web, e mediante anuncios nos taboleiros de anuncios dos Concellos, dándolle de prazo ata o **luns día 17 de abril de 2017** para presentar a solicitude polo rexistro de ambos concellos. Esta solicitude figura como ANEXO I destas bases, e tamén se pode descargar das páxinas web dos Concellos

Xunto coa solicitude de inscrición no curso presentara a seguinte documentación:

1. Copia do DNI
2. Fotocopia da tarxeta de desemprego
3. Copia dos títulos ou diplomas acreditativos da formación

#### 6. BAREMACIÓN DE MERITOS

O tribunal procederá, nunha primeira fase á avaliación dos/as aspirantes que reúnan os requisitos sinalados nas presentes bases, conforme ao seguinte baremo:

1. Idade: ata 1 punto  
Ter entre 30 e 55: 1 punto.  
Ter mais de 45 anos: 0,5 puntos.  
Ter ata 30 anos inclusive: 0,25 puntos
2. Estudos ou cursos. Ata 2 puntos  
Por ciclos de FP ou estudos universitarios relacionados co agro. 2 puntos  
Outros ciclos ou estudos universitarios non relacionados 1,5 puntos  
ESO ou bacharelato: 1 punto  
Outros cursos relacionados co agro, por cada 10 horas 0,1 puntos
3. Test de emprendemento: Ata 3 puntos (Forma parte da solicitude)  
Máis de 63 puntos. : 3 puntos  
De 40 a 63 puntos. : 1,5 puntos  
Menos de 39 puntos. : 0 puntos

A puntuación máxima na fase de valoración de méritos será de 6 puntos

O/a secretario/a levantara acta do resultado da baremación efectuada, na que aparecerá o listado nominativo de aspirantes, detallando a puntuación obtida en cada un dos apartados de esta baremación, establecendo un prazo de dous días hábiles para presentar reclamacións. Unha vez resoltas estas si as houbera publicarase a lista definitiva e sinalarase aqueles aspirantes que serán convocados á fase de entrevista se fose o caso, indicándose o día, a hora e o lugar da mesma

As listas coas puntuacións obtidas publicarase na páxina web dos concellos e nos respectivos taboleiros de anuncios

#### 7. FASE ENTREVISTA.

No caso de presentarse mais de 8 candidatos/as a esta selección, realizarase unha entrevista entre os aspirantes previamente baremados/as e ata un máximo de 15 por orde de puntuación na publicación da baremación previa.

A entrevista versará sobre a adecuación do/a candidato/a ao curso, valorándose os seguintes aspectos:

- Motivación cara o curso
- Experiencia practica no cultivo de produtos agrícolas.
- Iniciativa empresarial

Cada membro del Tribunal poderá otorgar ata un máximo de 3 puntos. A puntuación final da entrevista será a media aritmética dos puntos adxudicados por cada membro. A puntuación máxima que se poderá obter na fase de entrevista será de 3 puntos. Os puntos así obtidos por cada candidato/a sumaranse aos que resultaron da fase de baremación de méritos, e darán lugar a la lista definitiva do proceso selectivo.

No caso de haber mais de 8 persoas, as que sobrepasen este número formaran parte dunha lista de reservas, realizando a acción formativa as 8 con mellor puntuación final.

No caso de empate resolverase por prioridade por este orde:

Desempregados/as

Mulleres en calquera situación laboral  
Maior puntuación na fase de entrevista

#### 8. TRIBUNAL.

O tribunal estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente/a: A secretaria do concello de Cuntis

Secretario/a: O ADL do Concello de Cuntis

Vocales:

- Orientadora laboral do Concello de Cuntis.
- Técnica de igualdade do Concello de Caldas.
- Técnico agrónomo do concello de Cuntis

O Tribunal queda facultado para a interpretación das presentes Bases.

#### 9.LEXISLACION APLICABLE.

En todo o non previsto nas presentes bases rexerá o previsto na normativa reguladora das entidades locais.

Cuntis,7 de abril de 2017

O ADL do Concello de Cuntis

A handwritten signature in blue ink, consisting of several overlapping loops and a long horizontal stroke extending to the right.

## ANEXO I

### SOLICITUD DE ADMISIÓN PARA CURSO DE HORTICULTURA

1.- INFORMACIÓN PERSONAL				DATA:
NOME E APELIDOS				
SEXO	HOME <input type="checkbox"/>	MULLER <input type="checkbox"/>		
DATA DE NACEMENTO				
NIF				
DIRECCIÓN				
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL		
PROVINCIA		NACIONALIDADE		
TELÉFONO/S DE CONTACTO				
CORREO ELECTRÓNICO				
2.- INFORMACIÓN LABORAL				
SITUACION ACTUAL	EMPREGADO/A <input type="checkbox"/> DESEMPREGADO/A <input type="checkbox"/> AUTONOMO/A <input type="checkbox"/>			
NO CASO DE ESTAR EMPREGADO/A EN QUE TRABALLA				
TEN EXPERIENCIA NO CAMPO	NON <input type="checkbox"/>	SÍ <input type="checkbox"/>	QUE TIPO DE EXPLOTACIÓN Pode contestar con mais detalle no apartado 8º	
DISPON DE TERREOS PARA CULTIVAR	NON <input type="checkbox"/>	SÍ <input type="checkbox"/>	SUPERFICIE APROXIMADA	Propios      Arrendados      Outros.....
3.- INFORMACIÓN ACADÉMICA				
<b>NIVEL DE ESTUDIOS DO/A ASPIRANTE (ESTUDOS HOMOLOGADOS EN ESPAÑA)</b> Marcar cunha X cal/cales corresponda				
<input type="checkbox"/>	Sen estudos			
<input type="checkbox"/>	Estudios primarios			
<input type="checkbox"/>	ESO (rematada)	Ano remate		
<input type="checkbox"/>	Bacharelato (Rematado)	Ano remate	Especialidade	
<input type="checkbox"/>	Ciclo Medio/FP1 (rematado)	Ano remate	Especialidade	
<input type="checkbox"/>	Ciclo Superior/FPII (rematado)	Ano remate	Especialidade	
<input type="checkbox"/>	Diplomatura/Licenciatura	Ano remate	Especialidade	
<b>OBSERVACIÓNS</b>				

#### 4.- FORMACIÓN NON REGLADA (CURSOS / CARNETS ETC..)

NOME DO CURSO	CENTRO	ANO	Duración(HORAS)

#### 5.- NIVEL DE IDIOMAS EN NIVEL SINALAR (Baixo, Medio, Alto)


IDIOMAS	NIVEL ESCRITO	NIVEL FALADO

#### 6.- INFORMÁTICA (Cursos, programas informáticos etc..) EN NIVEL SINALAR (Baixo, Medio, Alto)

	NIVEL

#### 7.- OUTROS DATOS

CARNET DE CONDUCIR	NON <input type="checkbox"/>	SI <input type="checkbox"/>	CALES	
			VEHÍCULO PROPIO	SI <input type="checkbox"/>
MOVILIDADE XEOGRÁFICA			SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>



**8.- EXPERIENCIA PROFESIONAL**


EMPRESA		
TIPO DE CONTRATO		DURACIÓN:
FUNCIÓN QUE DESENVOLVÍA		

EMPRESA		
TIPO DE CONTRATO		DURACIÓN:
FUNCIÓN QUE DESENVOLVÍA		

EMPRESA		
TIPO DE CONTRATO		DURACIÓN:
FUNCIÓN QUE DESENVOLVÍA		

**9.- SECTORES/OCUPACIONES ONDE ESTÁ BUSCANDO EMPREGO**

--	--	--



10.- INTERESADO/A EN PARTICIPAR NO CURSO		
<input type="checkbox"/>	MOITO	MOTIVOS:
<input type="checkbox"/>	POUCO	
<input type="checkbox"/>	NADA	

**Xunto coa solicitude acompañe a seguinte documentación:**


1. Copia do DNI
2. Fotocopia da tarxeta de desemprego
3. Copia dos títulos ou diplomas acreditativos da formación (si é o caso)

FIRMA DO/A SOLICITANTE

DATA:

NOME E APELIDOS:

Declaración xurada e autorizacións	
Autorizo a este Concello a consultar os datos relativos o meu empadramento	<input type="checkbox"/>
Dispoño de terreos para realización das practicas do curso en rexime de :	
Propiedade <input type="checkbox"/>	
Cesión <input type="checkbox"/>	
Arrendamento <input type="checkbox"/>	
Outros, indicar <input type="checkbox"/>	Cal.....
O que asino aos efectos oportunos en _____ a _____ de marzo de 2017	
Asdo	



**ACTIVIDADE: Autodiagnose do perfil emprendedor**

Para cada unha das preguntas, elixe unha das seguintes respostas:

- A= Si/ En total acordo.
- B=Bastante/ A miúdo.
- C=Algo/ Algunha vez.
- D=Non / En absoluto.

PREGUNTAS		A	B	C	D
1	¿Tes formación ou experiencia na idea que pretendes emprender?				
2	¿Estas ao día das novidades que se producen no ámbito empresarial?				
3	¿Considéraste unha persoa capaz de detectar oportunidades de negocio no teu contorno?				
4	Os cambios que se producen no teu contorno, ¿os ves como unha oportunidade para avanzar no teu proxecto de empresa?				
5	¿Tes confianza nas túas posibilidades e capacidades para alcanzar o éxito empresarial?				
6	¿É importante para ti dispoñer de autonomía e ter a oportunidade de liderar un equipo de traballo?				
7	¿Consideras que as túas habilidades de comunicación poden axudarche a alcanzar os teus obxectivos?				
8	¿Formulas as túas ideas dun xeito creativo, diferente ou innovador?				
9	¿Supón para ti un reto enfrontarte a situacións distintas das habituais?				
10	¿Consideras que os problemas non son un freo para alcanzar unha meta senón simplemente un obstáculo a superar?				
11	¿Es unha persoa con habilidades persoais para crear equipos e organizalos?				
12	¿Tes capacidades para organizar e distribuír tarefas?				
13	¿Planificas de forma rigorosa accións concretas para o desenvolvemento dun traballo ou un proxecto?				
14	¿Arriscarías recursos propios por facer algo que che gusta e apasiona?				
15	¿Consideras que traballar con outras persoas pode axudarche a alcanzalo éxito?				
16	¿Tes capacidade de xestión?				
17	¿Tes facilidade para negociar con éxito?				
18	¿Es unha persoa comprometida cos prazos que te fixas ou te fixan?				
19	¿Consideras que as túas capacidades son un dos posibles factores de éxito do teu proxecto de empresa?				
20	¿Estás disposto a sacrificar parte do teu tempo de ocio e familiar para empregalo no teu futuro negocio?				